

PLAN DIXITAL

CPI de San Sadurniño



Versión 1.0 - xuño 2022



Índice

1. Introducción.....	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.....	3
1.2.1. Características socio-económicas e culturais do contexto do centro.....	3
1.2.2. Contexto global das TIC na sociedade e no ensino.....	4
1.2.3. Traxectoria do centro no uso das TIC.....	4
1.2.4. Implicación no uso das TIC e en programas de innovación.....	6
1.2.5. Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.....	7
1.3. Breve xustificación do mesmo.....	8
1.4. Proceso de elaboración.....	8
2. Situación de partida.....	8
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	8
2.1.1. Conectividade, infraestruturas de voz e de datos.....	9
2.1.2. Equipamentos e servizos dixitais.....	9
2.1.3. Xestión e mantemento.....	10
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	10
2.2.1. Resumo das áreas do informe SELFIE.....	11
2.2.2. Resultados do Test CDD.....	12
2.3. Análise DAFO.....	13
3. Plan de acción.....	16
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	17
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	25
4. Avaliación do plan.....	26
5. Difusión do plan.....	27

1. Introducción

Na sociedade actual as TIC están a ter cada vez máis presenza nos fogares, no lugar de traballo, nos espazos de lecer e, en xeral, en moitas actividades cotiáns. O ensino non é alleo a esta realidade e ven de integrar no deseño curricular a competencia dixital e diversas materias que tratan de promover e educar ao alumnado no uso eficiente e responsable das novas tecnoloxías.

1.1. Datos básicos do centro

Nome: CPI de San Sadurniño

Dirección: Avda Marqués de Figueroa 19, 15560, San Sadurniño (A Coruña).

Correo: cpi.sansadurnino@edu.xunta.gal

Etapas educativas: Infantil, primaria e secundaria.

Nº de alumnado: 350

Profesorado: 40

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

É necesario contemplar neste plan os diferentes aspectos e retos que as TIC supoñen para o centro educativo de cara a integralas no traballo cotián na aula tendo en conta os medios necesarios e o grao de formación e competencia do profesorado e do alumnado. Desta situación inicial parten os obxectivos e accións que serán desenvoltas neste documento.

1.2.1. Características socio-económicas e culturais do contexto do centro

O CPI San Sadurniño sitúase nunha zona de carácter rural de influencia urbana (pola proximidade dos núcleos de Ferrol e Narón). O alumnado pertence a un estrato social medio-baixo cun nivel de acceso a internet deficiente nalgúns casos, sexa por baixa velocidade da conexión para algúns servizos de rede como pola dificultade de acceso ao mesmo en determinadas zonas do concello. A fibra de alta velocidade estase a incorporar en certas zonas.

A proliferación de dispositivos móbiles é, nalgúns casos, a única forma de acceso a datos por parte do alumnado o que para determinadas tarefas é insuficiente. O uso do ordenador persoal nos fogares está a verse, na actualidade, reducido e relegado a tarefas puntuais e concretas de consulta e estudo. Para o lecer e entretemento está a ser desprazado en moitas ocasións polos dispositivos móbiles e outros dispositivos.

Como referentes TIC no concello están a aula CeMIT que realiza diversas actividades relacionadas no ámbito dixital dirixidas a tódalas franxas de idade, facilita o acceso a internet na casa de cultura e mantén proxectos de grande interese como *Fálame de San Sadurniño* e o *Chanfaina Lab* entre outros.

O noso centro é tamén un dos espazos de referencia para o alumnado, xa que polo nivel de equipamento e a calidade do acceso á rede é único no concello.

1.2.2. Contexto global das TIC na sociedade e no ensino.

No momento actual a expansión, popularización e diversificación das TIC está a mudar os hábitos no seu uso e acadando espazos nos que tradicionalmente estaban ausentes. Por unha banda, o novo alumnado, nativo dixital, convive con consolas de xogos, dispositivos móbiles, SmartTV, e moitos outros dispositivos conectados e/ou informatizados.

O internet das cousas IDC (IOT en inglés) está a medrar e ter presenza en moitos dispositivos das nosas vidas. No robot de cortar a herba ou de limpar a casa, no coche, nos dispositivos de ocio e lecer, nos electrodomésticos, na domótica, etc. O deseño dos dispositivos móbiles e dos diferentes dispositivos conectados está pensado para que sexan de manexo doado e intuitivo. A vantaxe de uso que supón esta circunstancia presenta certas limitacións ao agochar aspectos esenciais para un uso verdadeiramente competente, responsable e consciente das súas posibilidades de traballo e dos riscos que levan asociados. De feito, son moitos os casos de baixos niveles de seguridade na implantación tanto a nivel hardware como de software de todo tipo de dispositivos por parte dos fabricantes, máis pendentes da facilidade do manexo que de proporcionar niveis de seguridade aceptables.

Por outra banda o uso intuitivo dos mesmos non facilita e mesmo camufla aspectos esenciais para a comprensión e visualización do funcionamento real no manexo de conexións, documentos, intercambio de ficheiros e arquivos en rede, etc...

Esta situación está a provocar no novo alumnado, nativo dixital alfabetizado nos dispositivos móbiles, un uso cada vez máis ocasional da computadora que está a minuar a súa competencia en determinadas tarefas e aplicacións prácticas das TIC que son necesarias de cara á súa incorporación futura noutros estudos ou á vida laboral.

A gran pantalla do ordenador de escritorio, mesmo do portátil, está a quedar reservada para realizar traballos nos que se cumpren certos requisitos:

- Necesidade dun campo de visión amplo e teclado cómodo para certas tarefas.
- Potencia de procesado, potencia gráfica ou esixencias de memoria do sistema.
- Programas informáticos específicos ou especializados e/ou esixentes en recursos e potencia.
- Todas aquelas tarefas e aplicacións nas que non é suficiente o tipo de uso sinxelo e inmediato dos dispositivos móbiles.

Neste Plan Dixital realizamos as propostas de actuacións e actividades necesarias para garantir un adecuado nivel de competencia no manexo das novas tecnoloxías na comunidade educativa.

1.2.3. Traxectoria do centro no uso das TIC.

A aula de informática de secundaria, prevista para a materia de informática, foi inicialmente o referente no uso das TIC no noso centro. No resto de dependencias do centro o equipamento informático limitábase a uns poucos equipos portátiles, e a equipos co-



múns nas salas de profesorado, dirección e xefatura de estudos e á dotación necesaria na secretaría.

Co paso dos anos, sendo necesaria a ampliación da dotación material inicial desenvólvense diversas actuacións para melloralas sendo as máis salientables as seguintes:

- Solicitouse a doazón de equipos á antiga empresa ASTANO que proporcionou 10 ordenadores.

- Empezouse a dotar de equipos unha aula de informática no edificio de primaria.

- Fíxéronse actividades de formación formais e informais de cara a mellorar a competencia do profesorado en diferentes aspectos (manexo de programas informáticos, internet e correo electrónico, creación de materiais educativos, aplicacións informáticas, aula virtual, etc).

- Púxose en marcha a páxina web do centro no servidor da xunta para dar a coñecer as actividades do mesmo e como canle de información coas familias e o alumnado.

- Fíxéronse actividades de formación do profesorado sobre o manexo da web do centro.

- No ano 2006 o centro presentou o *Proxecto para a incorporación das TIC no proceso educativo* que lle foi concedido e que permitiu mellorar a dotación de equipamentos e realizar diversas actuacións como a instalación dun servidor interno e diversas actividades formativas entre outras.

- Coa finalidade de reutilizar equipos que empezaban a quedar obsoletos dotouse de 5 equipos á aula de EPVA de secundaria empregando un servidor de terminais lixeiras LTSP. Esta experiencia facilitou o aproveitamento dos equipos da aula de informática que empezaban a ter características insuficientes. A aula funcionou con este sistema durante varios anos .

- Incorporáronse progresivamente equipos informáticos para o profesorado e proxectores en tódalas aulas.

- Integrouse na páxina web do centro a aula virtual e fíxéronse actividades de formación no manexo da mesma.

- O centro adquire o dominio cpisansadurnino.org como base para dotar ás familias ou responsables do alumnado de contas de correo para o seu uso educativo. Tamén mantén un pequeno servidor asociado a este dominio coa finalidade de implantar determinados servizos que non impliquen o manexo de datos privados ou protexidos. (Páxina para centralizar a información relativa ás TIC e E-Dixgal no centro, recollida de datos da estación meteorolóxica, servidor de streaming para a radio escolar, boletín TIC...).

- O centro incorpórase ao proxecto ABALAR, sendo dotado con portátiles de alumnado en 5º e 6º de primaria e 1º e 2º da ESO. Fíxéronse actividades de formación de cara ao correcto manexo do equipamento e á súa integración nas actividades educativas.

- Incorpóranse ao centro novos equipos para a aula de informática e os Kits Dixitais para o resto das aulas.

- Instalouse o sistema Linux Live ABALAR na maior parte dos equipos do centro.

- O centro incorpórase ao proxecto E-Dixgal que facilita equipos portátiles e o libro dixital ao alumnado. Na actualidade está implantado dende 5º curso de primaria a 4º curso da ESO

- Actualizouse a conexión a internet mediante enlace de radio de alta velocidade.

1.2.4. Implicación no uso das TIC e en programas de innovación.

Tendo en conta a traxectoria do centro, boa parte do profesorado está a empregar diversos instrumentos e aplicacións TIC no seu traballo educativo cun nivel de competencia medio.

A páxina web do centro é frecuentemente actualizada con información escolar e sobre actividades de interese para a comunidade.

A aula virtual é moi empregada por parte do profesorado como espazo para achegar contidos, materiais e actividades de traballo para o alumnado. Parte do profesorado elabora materiais propios para a aula virtual e noutras plataformas para o uso directo na aula.

Os distintos departamentos teñen integrada a competencia dixital nas programacións anuais e están a incrementar o uso de aplicacións informáticas e de traballo na web e na rede.

Existen diversos *blogs* mantidos polo profesorado relacionados coas súas materias ou con actividades desenvolvidas no centro como a robótica, as bibliotecas, TecnoSansa, LudoMates, a meteoroloxía (MeteoSansa), proxecto LÓVA (ópera), reciclaxe, entre outros.

O centro conta tamén cun *Espazo Maker* e desenvolve os proxectos de innovación educativa de *Introdución á Robótica educativa en EP* e Bibliotecas creativas.

O profesorado participa frecuentemente en actividades de formacións relacionadas coas TIC para actualizar as súas competencias. A implantación dos proxectos ABALAR e E-Dixgal comprometeu ademais ao centro e ao profesorado na participación de actividades de formación.

O uso do correo electrónico para diferentes comunicacións, convocatorias, titorías, etc está totalmente asumido e asentado no traballo diario do profesorado. As contas de correo que se proporcionan ás familias para o traballo escolar do alumnado son empregadas con certa frecuencia dependendo das necesidades de cada materia, con posibilidades de mellora no uso por parte do alumnado.

O profesorado usa tamén as aplicacións de xestión educativa e profesional proporcionadas pola Xunta e Abalar-móbil para comunicar coas familias.

É frecuente o uso de diferentes aplicacións, materiais e recursos web nas actividades educativas do centro. Dependendo das necesidades de cada caso, o profesorado emprega recursos multimedia, actividades, aplicacións e contidos en liña, etc.

En xeral, o grao de implicación do profesorado na integración das TIC no ensino e medio ou medio-alto, sen rexeitamento explícito das mesmas. Con todo, hai aspectos das novas tecnoloxías que poden ser cuestionados ou que necesitan unha mellor e máis adecuada implantación xeral para que sexan operativas e non supoñan máis carga de



traballo ou mesmo dificulten a tarefa docente. Algúns elementos a considerar de forma positiva ou con necesidade de mellora son:

Aspectos positivos das TIC:

- Facilitan enormemente a comunicación e o intercambio de documentos.
- As novas tecnoloxías poden mellorar o traballo cooperativo e participativo.
- Poden aumentar a motivación, o interese e a participación do alumnado.
- Poden potenciar a aprendizaxe significativa, a iniciativa propia, a autonomía e a creatividade.
- Existen moitas aplicacións e recursos para empregar na aula.
- Facilita a procura e a elaboración de información, como apoio ao aprendizaxe.
- Permiten a consulta e o traballo con contidos e actividades dentro e fora da escola.
- O seu uso mellora progresivamente a competencia dixital do alumnado.

Elementos de mellora:

- Pode ser difícil controlar a actividade TIC de toda a clase en todo momento, en especial no relativo ao acceso a contidos pouco apropiados ou que non forman parte da actividade a realizar. Sería necesario ver as posibilidades e formar nas ferramentas de control de aula.
- Poden crear distraccións e dispersión na procura de información e contidos. En ocasións isto pode supoñer perdas de tempo efectivo de traballo na aula.
- A facilidade de acceso ás redes sociais pode crear situacións comprometidas coas tarefas a realizar, coa privacidade e mesmo problemas escolares.
- Poden atoparse fontes de información pouco fiables ou parciais cando non se ten en conta a cualidade contrastada das mesmas.
- No caso de problemas de conexión á rede ou de erros informáticos poden provocar cortes e interrupcións non desexadas que entorpezan o proceso de ensino e as tarefas na aula.

1.2.5. Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

O Plan Dixital de centro, unha vez aprobado polo Claustro e o Consello escolar será incorporado na PXA do curso 22/23.

As accións programadas no presente plan implicarán de forma activa á dirección do centro, aos departamentos e profesorado de todos os niveis educativos na procura de acadar os obxectivos marcados no mesmo.

O desenvolvemento do plan no vindeiro curso será transversal e integrador e pretende mellorar a competencia e a asunción das ferramentas dixitais como parte do proceso educativo para toda a comunidade escolar incluídas, no posible, as familias.



1.3. Breve xustificación do mesmo.

O presente Plan Dixital toma como referencia a seguinte normativa vixente:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

A Resolución do 3 de setembro de 2021 é de especial seguimento para a elaboración do presente plan tanto dende o punto de vista formal como conceptual na mellora da competencia dixital e na transformación dixital dos procesos de ensino-aprendizaxe promovendo a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimizando a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

1.4. Proceso de elaboración.

O equipo de Dinamización do Plan Dixital, é o responsable da elaboración do presente plan coa colaboración e as achegas da comunidade educativa.

- Na primeira xuntanza de traballo analizamos os documentos e a normativa referente e fixemos unha posta en común para organizar o proceso e achegar aquelas ideas que nos parecen relevantes para contribuír ao seu desenvolvemento.
- Organizouse a realización do SELFIE e do CDD informando á comunidade educativa implicada de todo o necesario.
- Participamos nunha xornada de formación realizada polos equipos Adix sobre a elaboración da análise DAFO.
- Noutra sesión de traballo colaborativo na aula virtual do centro traballouse na realización da análise DAFO establecendo fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades.
- Asistimos a outra xornada de formación sobre a realización do Plan de Acción para establecer obxectivos e accións e sobre a elaboración do Plan Dixital final.
- Traballamos de forma colaborativa na aula virtual do centro para fixar obxectivos e acción de cara a elaborar o presente plan definitivo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

A dotación xeral do centro na actualidade é boa con certas melloras posibles e pendentes. Contamos con equipos informáticos de profesorado, e proxector en tódalas aulas, moitas delas tamén con PDI. A dotación de despachos, secretaría, salas de pro-



fesores, departamentos e outras dependencias tamén é suficiente pero nalgúns casos mellorable coa actualización de equipos.

2.1.1. Conectividade, infraestruturas de voz e de datos

Todo o centro conta con conexión de rede de alta velocidade mediante radioenlace e conexión sen fíos mediante repetidores *wifi* na maioría dos espazos.

No edificio de secundaria están os armarios principais de rede. Nun deles está o encañador que vai á antena situada no tellado e que proporciona a todo o centro a conexión de alta velocidade mediante radioenlace.

Neste mesmo espazo hai tamén dous servidores que proporcionan diversos servizos de rede ao centro. O servidor ABALAR permite a clonación de equipos e o acceso ao repositorio local proporcionando actualizacións aos equipos. O segundo servidor é un servidor propio que con carpetas compartidas en rede e impresoras, ferramentas de análise de rede para xestión de incidencias de seguridade, carpeta de recollida de documentos dixitalizados nas fotocopiadoras, etc.

O sistema de telefonía do centro tamén é dixital (VoIP) e emprega o enrcañador do armario principal.

2.1.2. Equipamentos e servizos dixitais

Tódalas aulas están dixitalizadas e cando menos teñen ordenador de profesor con conexión a internet cableada ou sen cables, proxector e pantalla ou EDI estando algunhas cubertas polos Kits Dixitais.

Nas aulas de 5º e 6º de primaria e na ESO o alumnado conta con ordenadores portátiles pertencentes ao programa E-Dixgal que lles permiten o acceso ao libro dixital. Estas aulas están tamén dotadas con armarios de carga, EDI e proxector. O profesorado que o solicitou ten tamén un portátil E-Dixgal para as tarefas escolares.

O centro ten tamén unha aula TIC específica compartida no edificio de primaria. É unha aula de uso común na que se imparten as materias de TIC e programación de secundaria, e as actividades de robótica de primaria entre outras.

Hai tamén dotación básica de computadora, proxector e pantalla noutras aulas como laboratorio, bibliotecas, aula de EPVA, tecnoloxía, música, apoios, PT, etc. Algunhas delas contan ademais con varios equipos pensados para pequenos grupos de traballo ou consulta como a Biblioteca de secundaria, EPVA con 4 e tecnoloxía con 14, algúns bastante antigos.

As salas de profesorado contan con 4 e 5 equipos para o traballo con conexión a internet e impresión en rede en diversas impresoras e fotocopiadoras.

Tamén hai equipos con internet e impresión en rede nos despachos de dirección, xefatura de estudos, orientación, e nos departamentos.

Na oficina de administración do centro contan con tres equipos informáticos, dous deles co sistema Windows con conexión a internet e con varias impresoras e fotocopiadoras en rede.

En canto á reprografía o centro conta con varias fotocopiadoras conectadas en rede repartidas nos edificios de primaria e secundaria.



Existen no centro diversos equipamentos para a produción e reprodución multimedia como equipos de música, reprodutores de vídeo, cámara de fotos réflex , mesa de mesturas de son en primaria e secundaria con micrófonos e soportes, gravadora de man...

Certos departamentos contan con algunha tableta dixital e tamén hai lectores de libros electrónicos nas bibliotecas.

Os servizos dixitais empregados con normalidade no centro son a páxina web, a Aula Virtual, E-Dixgal, Abalarmóbil, EspazoAbalar, sistemas de videoconferencia Webex e Falemos e correo electrónico corporativo. Tamén temos un dominio propio para aloxamento sen datos sensibles dalgúns servizos e materiais (estación meteorolóxica, información TIC, *streaming* de radio escolar) e para facilitar correo electrónico educativo ás familias e responsables do alumnado.

2.1.3. Xestión e mantemento.

A xestións de incidencias centralízase nun documento compartido e/ou por correo electrónico. Moitas delas poden ser solucionadas directamente polo coordinador TIC/ E-dixgal do centro. Cando iso non é posible son derivadas ao Servizo de soporte *premium* de E-Dixgal ou á UAC segundo corresponda.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Realizouse en primeiro lugar o test de autoavaliación SELFIE coa participación do equipo directivo, do alumnado de 4º e 6º de primaria e o alumnado de 2º e 4º de ESO e do profesorado correspondente. Antes da realización do test explicouse ao profesorado a finalidade do mesmo e déronse pautas e consellos para realizalo recollidos da propia páxina da comisión europea.

Posteriormente realizouse o Test CDD de competencia dixital docente coa participación de todo o profesorado do centro aportando tamén a documentación necesaria.

Os datos e indicadores recollidos serviron de base para a realización do DAFO do centro. Para elo analizáronse polo miúdo seleccionando os aspectos máis relevantes:

- As puntuacións obtidas en cada apartado ou o nivel de competencia resultante.
- As actuacións que nos pareceron prioritarias para o noso centro.
- A selección dun número realista e abarcable de *items* para a súa aplicación no vindeiro curso .

Pódese acceder aos datos completos dende a seguinte ligazón:

[Plan Dixital do CPI de San Sadurniño](#)




2.2.1. Resumo das áreas do informe SELFIE.

Membros do equipo directivo


Profesores/as

Alumnos/as

Resultado SELFIE: Educación Primaria



Resultado SELFIE: Educación Secundaria





2.2.2. Resultados do Test CDD.

Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	13	25	52%
INTERINO	3	8	37,5%
SUBSTITUTO	1	2	50%
PROVISIONAL	5	6	83,3%
OUTROS	0	2	0%

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
82,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INFANTIL	72,3	Integrador/a (B1)	66,2	Integrador/a (B1)
PRIMARIA	78,5	Integrador/a (B1)	77,3	Integrador/a (B1)
ESO	93,7	Integrador/a (B1)	79,7	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	4,5%
A2	4	18,2%
B1	12	54,5%
B2	3	13,6%
C1	1	4,5%
C2	1	4,5%
TOTAL	22	99,80%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, CDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

FORTALEZAS	DEBILIDADES
Persoal docente Alta implicación e traballo con medios e contornas dixitais adaptados (AV, EDI-XGAL, videoconferencia, recursos e ferramentas dixitais...) e en novas modalidades de ensino. Nivel de competencia xeral no CDD lixeiramente superior á media de Galiza	Persoal docente Colaboración e intercambio de experiencias interdisciplinarios e do fomento da creatividade. Avaliación de capacidades e autorreflexión da aprendizaxe. Pode mellorarse en xeral a CDD e o uso de novas modalidades de ensino e de avaliación
Familias Colaboran no coidado de equipamento EDIXGAL	Familias Pode ser necesario mellorar a colaboración e concienciación sobre o uso das TIC como ferramenta de aprendizaxe e no uso seguro das mesmas
Alumnado O uso e coidado de materiais é axeitado e con poucas incidencias. A competencia xeral aceptable. Con acceso a dispositivos e conexión a internet dentro do centro.	Alumnado En ocasións pode facerse un uso pouco seguro ou adecuado de medios e dispositivos dixitais. Concienciación no uso das TIC como ferramentas de aprendizaxe.
Organización de Centro Asistencia técnica e coordinador TIC implicado.	Organización de Centro É necesario mellorar a coordinación co profesorado para afianzar unha estratexia dixital común. Algúns cursos teñen un número elevado de alumnos e sen posibilidade de facer desdobre.



FORTALEZAS	DEBILIDADES
	Falta de apoio técnico exterior. A análise SELFIE e o DAFO realizado serían moito máis eficaces canto maior sexa a participación de todo o persoal do centro
Infraestructuras En xeral considérase que Equipamentos Instalacións e Conectividade son boas. Equipos Edixgal tanto profesorado como alumnado Conexión a internet estable e rápida. Recursos educativos en liña. Nivel xeral de equipamentos e instalacións satisfactorio	Infraestructuras Certo equipamento pode necesitar renovación... Algún profesorado e alumnado pode necesitar pautas para adaptase ao traballo con equipamentos de baixas/medias prestacións. Tamén é mellorable o soporte técnico, a protección de datos e a conectividade.
Oferta O centro conta na actualidade cunha estratexia e plan dixital, emprega as novas modalidades de ensino e ten servizos de transporte, e comedor, que facilitan a integración das TIC	Oferta É necesario mellorar a estratexia dixital, o proceso de avaliación, coordinación e participación no proxecto para consolidar a implantación das TIC. A materia TIC e Tecnoloxía de 4º non poden ser escollidas á vez. Mellorar as prácticas de avaliación
DPC Existen liñas PFPP no centro e contrato-programas	DPC No CDD, o profesorado puntuou se tiña competencia dixital insuficiente cun 33,3%, e o equipo directivo puntuouna cun 100%



FORTALEZAS	DEBILIDADES
	Rotación de profesorado novo no centro.
Persoal non docente O persoal non docente é colaborador	

OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Contorna Existen empresas na contorna. Contorna rural.	Contorna Infraestruturas de comunicacións xerais de conectividade baixa/media que poderían profundar na fenda dixital e dificulta o traballo a distancia. Non hai empresas de relevancia no sector das TIC
Outras entidades O concello colabora e participa co centro na realización de actividades, obras, etc, A casa da cultura do concello e aula CE-MIT fan actividades de alfabetización dixital e proxectos de interese: Fálame de San Sadurniño e Chanfaina Lab	Outras entidades É necesario estudar que outras colaboracións externas poden establecerse
Administración Educativa Os programas ABALAR - EDIXGAL permite mellorar a incorporación das TIC no ensino	Administración Educativa Certa lentitude na reposición de equipamento informático en aulas específicas e despachos e oficinas con equipos obsoletos nalgúns casos. Certa lentitude na solución dalgunhas incidencias TIC. Hai certas trabas burocráticas que atrasan os procesos (por exemplo, dar de alta unha liña telefónica para o uso do profesorado é un proceso moito máis longo do que debería ser)



OPORTUNIDADES	AMEAZAS
Lexislación Estase a potenciar a incorporación das TIC e STEM. A nova lei educativa (LO-MLOE) propón a agrupación de materias, o cal supón unha oportunidade para traballar por ámbitos de forma coordinada	Lexislación Implica cada vez máis burocracia que quita tempo. Non promove tanto o STE-AM
ANPA Motivar ás familias para a creación da ANPA	ANPA Non hai no centro.
Alumnado Con acceso a dispositivos e con conexión de internet fora do centro	Alumnado Existe unha porcentaxe relativamente pequena de alumnado que non dispón de internet na casa ou ten unha conexión deficiente.

3. Plan de acción

Na elaboración do plan de acción tratamos de buscar obxectivos prioritarios e realistas que fosen asumibles polos responsables no vindeiro curso escolar tendo en conta os medios, o tempo dispoñible e os recursos propios do centro.

En xeral, os obxectivos que seleccionamos como prioritarios céntranse en:

- Mellorar a coordinación, información e integración da estratexia dixital no centro.
- Fomentar a creatividade e o intercambio de experiencias internas e externas
- Promover as novas modalidades de ensino e avaliación dixital.
- Mellorar a competencia dixital mesmo con equipamento de baixas e medias prestacións.
- Concienciar do uso seguro e como ferramenta educativa das TIC
- Mellorar a participación, información e colaboración coas familias.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 1:	F6 - Mellorar o intercambio de experiencias interdisciplinarias.					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos - Equipo directivo					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de experiencia interdisciplinarias realizadas						
Valor de partida	0% - Descoñecido: non hai datos						
Valor previsto e data	Realizouse unha experiencia interdisciplinaria por nivel.				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Informar nun claustro ou CCP inicial	Xefatura de estudos - Equipo directivo	30/09/2022	Aula do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.2: Facer e promover actividades interdisciplinarias relacionadas con conmemoracións e celebracións	Xefatura de estudos - Equipo directivo	20/06/2023	CCP e/ou claustro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO1.3: Promover o intercambio de información de proxectos existentes no centro.	Xefatura de estudos - Equipo directivo	20/06/2023	CCP e/ou claustro, correo corporativo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 2 :	F3 - Realizar actividades que potencien a creatividade.				Acadado	
RESPONSABLE:	Xefes de departamento				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades realizadas					
Valor de partida	0% - Descoñecido: non hai datos					
Valor previsto e data	Realízase unha actividade específica por departamento ou curso			20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Informar nun claustro ou CCP inicial	Xefatura de estudos	30/09/2022	Aula do centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Promover a realización de actividades que fomenten a creatividade	Xefes de departamento	20/06/2023	CCP e/ou claustro, Correo corporativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":						
OBXECTIVO 3 :	A2 - Mellorar a coordinación da estratexia TIC co profesorado					Acadado
RESPONSABLE:	Dirección e coordinador TIC					Non aca- dado
INDICADOR/ES DO OBXEC- TIVO	Número de apartados de información e a coordinación TIC nas CCP					
Valor de partida	A coordinación actual é insuficiente e non se informa sistematicamente nas CCP					
Valor previsto e data	Engadíronse apartados de información e a coordinación TIC nas CCP				20/06/2023	
ACCIÓNES A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Crear un apartado nas CCP para informar das TIC do centro	Dirección	30/09/2022	CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Crear a figura de co-coordinador no edificio de primaria	Dirección	07/09/2022	Dispoñibilidade horaria do profesorado e aceptación da figura de co-coordinador		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Manter información permanente na web - aula virtual e boletín TIC do centro.	Coordinador TIC	20/06/2023	Web do centro e AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Promover e recordar os recursos e ligazóns TIC na web do centro e na AV	Coordinador TIC	30/10/2022	Web do centro, AV e correo corporativo, CCP		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 4 :	C3+C5+Outras áreas (Factores que limitan el uso de las tecnoloxías: Equipo dixital insuficiente+Apolo técnico limitado o inexistente+Conexión a internet pouco fiable ou lenta): Mellorar a competencia no ensino dixital traballando con equipamento ou conexión de baixas/ medias prestacións					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de incidencias relacionadas con certas dificultades do profesorado para realizar tarefas comúns na docencia dixital con equipamento ou conexión de baixas/medias prestacións.						
Valor de partida	Hai algunhas incidencias relacionadas con dificultades para realizar algunhas tarefas cotiás no ensino dixital con equipamento ou conexión de baixas/medias prestacións.						
Valor previsto e data	Non hai ou son puntuais as incidencias relacionadas con certas dificultades do profesorado para realizar tarefas comúns na docencia dixital con equipamento ou conexión de baixas/medias prestacións				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO4.1: Actualizar o hardware dos pcs antigos. Instalar discos SSD e ampliar a memoria RAM para mellorar o rendemento dos equipos.	Coordinador TIC	30/11/2022	Presuposto para mercar os compoñentes necesarios para actualizar os equipos.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO4.2:Programar sesións de traballo e formación sobre accións concretas e recursos existentes para a docencia dixital con equipamento de baixas/medias prestacións ou con conexión de baixa/media velocidade	Coordinador TIC	30/03/2023	Aulas do centro con conexión de rede e proxector		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 5 :	G - Promover o uso de novas modalidades de ensino dixital para a avaliación educativa					Acadado	
RESPONSABLE:	Xefatura de estudos, coordinador TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades de avaliación feitas con ferramentas dixitais ou na aula virtual.						
Valor de partida	Considérase insuficiente o número de actividades de avaliación realizadas con ferramentas dixitais.						
Valor previsto e data	Realízase cando menos unha actividade de avaliación trimestral.				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
A05.1: Promover e poñer en valor as diferentes plataformas e programas válidos para a avaliación.	Xefatura de estudos	30/10/2022	CCP, claustro, correo corporativo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.2: Poñer algún apartado na AV ou na web do centro con recursos e ferramentas de avaliación dixital	Coordinador TIC	15/10/2022	Aula virtual e páxina web do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A05.3: Realizar unha formación sobre a avaliación educativa con ferramentas dixitais.	Coordinador TIC	30/03/2023	Aula do centro, asesoramento e/ou participación do CFR. Grupo de traballo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 6 :	H1, Alumnado+ Outras áreas(Usa da tecnoloxía: alumnado): Concienciar á comunidade educativa do uso seguro das TIC e como ferramentas de aprendizaxe					Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador TIC, Departamento de orientación					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Incrementábase o número de actividades de divulgación e información sobre o uso seguro das TIC como ferramentas de aprendizaxe a toda a comunidade educativa						
Valor de partida	Fanse pero considéranse insuficientes as actividades realizadas sobre o uso seguro das TIC. (Na actualidade fanse charlas do plan director)						
Valor previsto e data	Incrementábase o número de actividades realizadas sobre o uso seguro das TIC como ferramentas de aprendizaxe para toda a comunidade educativa.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
AO6.1: Organizar máis charlas sobre o uso seguro das TIC (Plan director anual e Navega con rumbo...)	Coordinador TIC, Departamento de orientación	20/06/2023	Aulas do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.2: Poñer información para a comunidade educativa sobre o uso seguro das TIC e como ferramentas de aprendizaxe	Coordinador TIC	30/11/2022	Web do centro, AV		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO6.3: Realizar e divulgar un protocolo para o uso seguro das TIC entre a comunidade educativa	Coordinador TIC	30/12/2022	Web do centro, Abalar-Móbil, correo corporativo		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 7 :	Outras áreas: Factores negativos para aprendizaxe mixto(Dificultades para asistir ás familias) Mellorar a información e colaboración coas familias en relación ao proxecto de E-Dixgal					Acadado	
RESPONSABLE:	Titores dos cursos que comezan E-Dixgal e Coordinador TIC.					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Incluír na primeira reunión coas familias un equipo E-Dixgal para informar sobre o mesmo.						
Valor de partida	Nunca se ten feito.						
Valor previsto e data	Punto a tratar na primeira reunión de curso de 5º de primaria				30/09/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO		
A07.1: Presentación da plataforma E-Dixgal na reunión inicial do curso.	Titores dos cursos que comezan E-Dixgal e Coordinador TIC	30/09/2022	Aula para a reunión		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A07.2: Repartir os trípticos informativos da Xunta na primeira reunión.	Titores dos cursos	30/09/2022	Trípticos impresos		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
A07.3: Presentar e recordar o enlace na web do centro coa información relacionada co proxecto E-Dixgal	Titores dos cursos	30/09/2022	Web do centro		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		

"Área/s de mellora":							
OBXECTIVO 8 :	D3 - Impulsar colaboracións con outros centros e entidades externas					Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e xefaturas de departamento					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de actividades de colaboración con outros centros ou entidades externas						
Valor de partida	0% - Descoñecido: non hai datos						
Valor previsto e data	Realízase unha actividade específica de colaboración por nivel.				20/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO8.1: Favorecer e realizar algunha actividade de colaboración coa aula CeMit.	Equipo directivo e xefaturas de departamento	20/06/2023	Por definir dependendo da actividade		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
AO8.2: Intercambiar informacións e actividades con outros centros educativos da contorna.	Equipo directivo e xefaturas de departamento	20/06/2023	Por definir dependendo da actividade. Sistema de videoconferencia. AV, e outros recursos de cooperación web.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		



3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O equipamentos e infraestruturas existentes son, en xeral suficientes pero con importantes carencias en certas aulas e espazos que sinalamos a continuación.

Equipamento de aulas e espazos.

- Certas aulas específicas de primaria e secundaria teñen ordenadores bastante antigos ou de baixas prestacións e/ou proxectores antigos e de pouca potencia:
 - Laboratorio.
 - Tecnoloxía (Neste caso ten varios ordenadores algúns deles moi antigos).
 - Música.
 - EPVA.
 - Educación Física (Tampouco chega a este espazo a conexión wifi).
 - Bibliotecas
 - Aulas de reforzos e apoios...
- As aulas de infantil e primaria (Non E-Dixgal) teñen tamén polo xeral equipos con moitos ou bastantes anos e de baixas ou medias prestacións e/ou proxectores antigos e de pouca potencia.
- As salas de profesorado, departamentos de secundaria e despachos de dirección teñen algúns equipos bastante antigos tamén.
- Os equipos de secretaría e administración levan moito tempo sen renovar.

Sería necesario repoñer equipos obsoletos e actualizar outros equipos aumentando a memoria RAM e poñendo un disco SSD.

Redes e conectividade

O centro conta con radio-enlace de 100Mbps que ven sendo suficiente. Hai certas melloras que poden ser tidas en conta:

- En certas situacións prodúcense cortes e interrupcións no servizo por diversos motivos que poden mellorarse. (Cortes de subministro, mal tempo, avarías xerais ou cortes de xestión e mantemento entre outros)
- Sería desexable dar o salto á fibra e que a administración axilice o proceso.
- O espazo onde está o *rack co encamiñador e switchs* ABALAR, E-Dixgal e da rede do centro está moi desorganizado e pouco accesible.
- Sería de interese un sistema de control de tempo de uso con posibilidade de configuración polas familias nos equipos do alumnado E-Dixgal e un filtro de contidos na rede para evitar accesos non desexados ou pouco recomendables. (Redes sociais, apostas, adultos...)



Mantemento e arranxo de equipos.

A solución de incidencias do equipamento E-Dixgal funciona normalmente con bastante solvencia e rapidez. Non pasa o mesmo cando se trata de solucionar ou substituír os equipos doutras aulas. Sería desexable que mellorase isto e que os prazos de renovación de equipamentos fosen menores.

O centro conta cun certo número de equipos mercados ou procedentes de doazóns de empresas e que están en uso pero non teñen soporte oficial. É por isto que o arranxo ou solución de problemas neste equipamento é máis complicado especialmente cando se trata de substitución ou reparación de pezas.

O EDPD do centro propuxo solicitar un contrato de soporte externo para a xestión e solución de incidencias nestes equipos.

4. Avaliación do plan

Para a avaliación do plan o Equipo de dinamización do mesmo fará un seguimento permanente do mesmo que se concretará en:

- Reunión de inicio de curso para organizar a posta en marcha e participación e exposición na CCP e claustro inicial.
- Participación nas CCP durante todo o curso para facer seguimento, coordinación e valorar necesidades, cambios ou posibles melloras.
- Reunión trimestral da EDPD para valorar a evolución das accións e os resultados acadados en relación cos obxectivos propostos. Tamén posibles cambios e propostas de mellora.
- Unha reunión de avaliación final antes de rematar o curso na que se valorará:
 - Grao de aproveitamento, adecuación da temporalización e resultado das accións desenvolvidas.
 - Nivel acadado no logro dos obxectivos.
 - Xustificación das modificacións existentes.
 - Propostas de mellora.
 - informe final de avaliación e análise de posibles propostas para o vindeiro curso.



5. Difusión do plan

Para a difusión do plan realizaranse as seguintes accións:

- Informar ao profesorado na CCP e no claustro inicial.
- Achegar ao profesorado o documento do Plan Dixital a desenvolver.
- Poñer información sobre o Plan Dixital na páxina web do centro incluíndo o propio documento accesible a toda a comunidade educativa.
- Abrir un espazo colaborativo con información e documentación sobre o Plan Dixital na Aula Virtual do centro.
- Enviar por correo electrónico información periódica ao profesorado daquelas cuestións relevantes para o correcto desenvolvemento do plan.
- Incluír algún apartado con información sobre o Plan Dixital no boletín TIC do centro.
- Enviar información ás familias empregando AbalarMóbil no caso de que se considere oportuno e necesario.